

**PROXECTO DE INNOVACIÓN EN DINAMIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA**

**CURSO ACADÉMICO 2016-2017**

**IES AQUIS CELENIS – CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA)**

**A LINGUA DELAS, A NOSA LINGUA**

## **1. TÍTULO: A LINGUA DELAS, A NOSA LINGUA**

### **2. INTRODUCCIÓN. CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

Tendo en conta a realidade social coa que se enfronta a lingua galega na actualidade no seu espazo lexítimo, vemos como moitas veces a poboación máis nova, pero non só esta, vai abandonando os usos da lingua propia ou non a sente atractiva para dar o paso de empregala en calquera contexto, porque non a atopa nos seus espazos de referencia e mesmo porque descoñece que haxa unha cultura de base artística unida á lingua e cultura galegas que vaia máis alá do que lles pode ofrecer un libro de texto. Estes sectores manteñen a percepción de que o uso da lingua galega, aínda que estendido e empregado en determinados ámbitos formais e cultos, non é totalmente apto nin sedutor para o desenvolvemento dunhas prácticas modernas, e incluso cren que non está avalado historicamente.

Esta é unha idea que ademais se estende sobre outras xeracións que, por descoñecemento ou vivencias adversas, acaban adoptando unha resposta, se non negativa, si pasiva, que se presenta nestes sectores máis novos da sociedade.

Á parte disto, podemos ligar esta procura de recoñecemento dos espazos para a lingua e a cultura galegas con outro aspecto que imos fixar como eixe deste traballo e que situamos dentro da traxectoria histórica, a actualidade e a cultura galegas, e que é o papel da muller galega como axente activo relevante e case sempre ausente á hora de historiar.

O noso proxecto vai tentar relacionar a relevancia do factor normalizador da lingua e cultura galegas co papel da muller, neste caso galega, como unha compoñente máis dunha sociedade moderna e pretendidamente normalizada en todos os sentidos, incorporando ademais as novas tecnoloxías da innovación e comunicación e implicando diferentes sectores da sociedade (empresas, familia, asociacións...) pois pretendemos fusionar neste proxecto, no que todas elas tomen relevancia, lingua, cultura, muller, historia e modernidade.

#### **2.1. Situación sociolingüística do centro**

Para presentar a situación sociolingüística do IES Aquis Celenis imos atender unha serie de datos recollidos nunha enquisa sobre usos lingüísticos elaborada polo propio centro no curso 2015-2016, confrontados coa Enquisa de condicións de vida das familias levada a cabo polo IGE no ano 2008.

Se ben o IGE sitúa o noso centro nunha área na que a lingua que se fala é maioritariamente o galego (65 % da poboación), e os datos que nos achega a Enquisa sobre usos lingüísticos realizada no pasado curso no noso centro concordan cos referidos, tamén podemos constatar que ese predominio do galego ten a súa razón no feito de que é a lingua que emprega a case totalidade da poboación de máis idade, mentres que na xente nova (no noso alumnado) o uso decae significativamente.

Aínda que o IES Aquis Celenis é un centro de ESO e de bacharelato, é o único de ensino secundario non obrigatorio que existe na contorna e por iso recibe alumnado de ambientes ben dispares e con usos lingüísticos e incluso valoracións cara ao galego tamén moi diferenciados.

Contamos con alumnado que vén dos concellos de Cuntis, Moraña, Barro e Portas e que maioritariamente se expresa de maneira habitual en galego (aínda que en moitos casos a súa actitude é claramente diglósica e incluso cambia a súa lingua de relación ao chegar ao noso centro); alumnado que provén da zona rural do concello de Caldas, con comportamento similar aos anteriormente descritos; alumnado da vila de Caldas, que se expresa de maneira habitual en castelán, malia que a súa competencia en lingua galega é aceptable; e alumnado que, ademais de ter como lingua habitual o castelán, incluso posúe pouca competencia oral en galego; alén diso, contamos tamén con alumnado que chega da emigración (cada vez máis) que ou ben procede de ámbitos castelán-falantes (América Latina) ou ben, aínda pertencendo a comunidades que descoñecen o castelán (especialmente centroeuropeos) toma como modelo normativo esa lingua; e ao que podemos engadir o procedente de países lusófonos (sobre todo, do Brasil). Isto explica que entre distintos niveis se produzan situacións tan dispares.

Dos datos extraídos da enquisa realizada no centro concluímos que se está a producir un retroceso do uso do galego entre o noso alumnado, de maneira que pretendemos buscar vías que impliquen os diferentes actores da comunidade na que se atopa o noso centro, para que participen e lle dean visibilidade a unha lingua viva, actualizada e válida para calquera contexto, do xeito que xa apuntamos máis arriba.

### **3. OBXECTIVOS DESEÑADOS COMO RESPONSA ÁS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS**

#### **3.1. Presentación dos procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe**

Desde o IES Aquis Celenis pretendemos con este traballo contribuír á mellora e modernización do sistema educativo galego nun proceso de cambio no que a lingua galega ocupe un papel relevante e estratéxico na innovación pedagóxica e colaborar na ampliación da calidade dos procesos de aprendizaxe no ensino en convivencia coas tecnoloxías da información e comunicación, de xeito atractivo e á vez proveitoso para o noso alumnado e a comunidade educativa en xeral.

#### **3.2. Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo**

No presente curso pretendemos contribuír á mellora do ensino e da aprendizaxe coa posta en marcha dun proxecto que se vai centrar na procura, elaboración e difusión de material, e no que van participar diferentes sectores da comunidade educativa, pero tamén algúns dos propios protagonistas destes materiais.

Como dixemos na introdución, e seguindo un proceso de traballo cooperativo do alumnado dentro e fóra das aulas, mais tamén entre departamentos de disciplinas diferentes, tentaremos relacionar a relevancia do factor normalizador da lingua e cultura galegas co papel da muller, neste caso, a galega, como unha compoñente máis dunha sociedade moderna e normalizada en todos os sentidos, incorporando ademais as novas tecnoloxías da innovación e comunicación e implicando diferentes sectores da sociedade.

### 3.3. Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

Unha vez desenvolvido o noso traballo este curso, contaremos cun material de interese e relevancia, sempre ampliable e mellorable, tendo en conta o pouco que se pode facer nun curso ante un proxecto que pretende ser ambicioso en canto aos seus resultados a longo prazo. Este material, onde prima o papel da muller galega e da contorna, o seu papel na sociedade e en consonancia coa innovación do mundo das tecnoloxías da comunicación e información, poderá ser de consulta e de utilidade e traballo nos diferentes departamentos, non só do noso centro, senón tamén para calquera centro interesado nas temáticas que imos tratar, incluso como punto de partida para que outros centros educativos amplíen este traballo inicial.

## 4. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

### 4.1. Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación previstas

A continuación, facemos unha breve presentación do traballo que van desenvolver desde os diferentes departamentos do centro educativo coa implicación de profesorado participante e grupos. Ademais, parte do profesorado que participa neste proxecto faino tamén en varias liñas do Plan de formación permanente do profesorado e tentamos conectar as tarefas de maneira que nos poidamos implicar ao máximo, interrelacionando cada un dos traballos con máis aproveitamento e tamén maior difusión entre o noso alumnado.

- Lidia Fernández Pastoriza (L Galega): (1.º ESO e 1.º de bacharelato): traballo sobre voces femininas da música e literatura actual, así como sobre asociacións como A Segá e a celebración do Día das Galegas nas Letras. Elaboración e gravación dun programa no que se inclúan algunhas destas figuras femininas galegas e en galego e difusión dalgunha entrevista nos medios do centro e locais do concello de Caldas. Tentaremos traballar tamén algunha personaxe feminina actual relacionada coas disciplinas literarias, musicais ou artísticas, en xeral, na materia de Portugués I (1.º de bacharelato).
- Olalla González López (Educación Física): investigación sobre a muller galega no deporte. Mulleres relevantes no ámbito deportivo internacional ao longo da historia, pero prestándolle especial atención á actualidade. Exposición no centro e un vídeo ou presentación dixital (2.º da ESO e 1.º de bacharelato).
- Xosé Avelino Turnes García (Lingua Galega): Miniserie documental *Esquecidas e mal recordadas* sobre as figuras galegas femininas con presenza na literatura galega dende a Idade Media ata o XIX e que, ou ben foron esquecidas pola historia, ou ben a súa figura colleu unha mitificación ou halo lendario que fixo esvaecer a súa historia real: María Soliño, María Castaña, María a Balteira, Isabel de Osorio, Pepa a Loba... (3.º da ESO). Incluímos a figura de Inés de Castro, pola súa relación con Galicia e co mundo lusófono e porque parte do alumnado de 3.º cursa a materia de Portugués.
- Concha Pereira López (Lingua Castelá): Investigación do cambio xeracional das mulleres nas súas familias, con especial atención á lingua e á cultura (1.º da ESO).
- Luís Fajundes Lorenzo (Antropoloxía): Visionado dos documentais *Amelia*, *Terra de Montes*, *Traballo en feminino* e *Mamasunción*. O papel da muller galega e a súa contorna. Enquisa: profesións antigas, rol representado na familia, traballos e festas, vestimenta tradicional, a muller galega e a viuvez, refráns ou lendas que coñecen que representen valores éticos ou

sentenzas sapienciais sobre o traballo e como levar a vida. A muller e a emigración e investigación sobre o papel da muller na sociedade galega (1.º de bacharelato).

- María Porto Carballo (Latín): A figura de Exeria, primeira galega viaxeira e independente da que temos coñecemento (1.º de bacharelato).
- Ana Rial Aparicio (Lingua Galega): diferentes aspectos do currículo a través de figuras femininas (2.º ESO).
- Pedro Lamas Carral (Música): O alumnado escoitará 1 CD de distintas intérpretes / creadoras de música galega / portuguesa. Deberá seleccionar dous temas e responder as seguintes cuestións:

No ámbito musical: estilo: folk-tradicional / pop-rock / jazz...; expresión; xénero: vocal / instrumental; tempo; tímbrica (agrupación instrumental / instrumentos...).

De carácter xeral: temática das letras, biografía e traxectoria musical da artista.

Deberá contestar a isto por escrito e facer unha breve presentación oral ademais de seleccionar un tema para que a clase o escoite. Finalmente gravaremos 1 CD común con copias para todo o alumnado (a partir de orixinais) co título *A túa lingua na miña orella*. Deberá sinalar a webgrafía empregada (4.º da ESO).

- Inés González Rodríguez (TIC). Colaboración en todas as actividades e na conxunción do traballo final. (bacharelato / ESO).

#### **4.2. Título e descrición**

O título do noso traballo é *A lingua delas, a nosa lingua porque*, como xa explicamos máis arriba, ademais de que é un proxecto no que se fusionan técnicas de innovación educativa e lingua e cultura galegas, e mesmo algúns aspectos relevantes da lusofonía, pretendemos poñer de relevo o papel da muller en xeral, e da galega en particular, nun proceso de ensino aprendizaxe que lle debe un espazo no material educativo e coa que mantén unha débeda histórica que queremos contribuír a emendar.

Finalmente, trataremos de elaborar unha serie de unidades didácticas sobre as diferentes mulleres, asociacións... en soporte dixital (LIM ou similar) para que o alumnado ou calquera membro da nosa comunidade educativa, ou da nosa sociedade en xeral, poida chegar de xeito innovador e a través das TIC a aspectos do currículo e tamén á realidade da nosa sociedade galega, feminina e en galego. Estas unidades, xunto con outros traballos paralelos, terán a súa difusión inicial a través das diferentes páxinas e blogs do centro, así como a través dos medios de comunicación do concello de Caldas.

#### **4.3. Obxectivos e proposta metodolóxica**

O noso obxectivo principal é contribuír á normalización da lingua galega, sobre todo nos sectores máis novos, que determinarán o futuro dunha lingua que evoluciona e prospera ao par da súa sociedade moderna e cuns valores definidos; nesta ocasión pretendemos darlle un papel relevante á muller na sociedade galega e implicar a comunidade educativa pero tamén outros sectores sociais como axentes normalizadores a través da participación nun traballo común e

atractivo ao que poderemos darlle difusión. Como parte deste obxectivo, pretendemos estes outros:

- Construír unha imaxe positiva da lingua galega entre o noso alumnado, a comunidade educativa e todos aqueles sectores aos que poidamos chegar.
- Estender o emprego da lingua galega a espazos e temas asociados á modernidade, non só tecnolóxica senón tamén de convivencia e igualdade.
- Fomentar a interdisciplinariedade, a transversalidade e as dinámicas de colaboración que ademais ofrezan unha visión normalizadora que vaia máis alá de materias e áreas concretas.
- Visualizar a contribución dalgunhas voces femininas galegas do mundo académico como posta en valor dunha lingua presente e apta para todos os usos.
- Facilitar a integración sociolingüística do noso alumnado foráneo e as súas familias a través da difusión, pero tamén da posible implicación, en traballos deste tipo.
- Mellorar a valoración social da lingua galega.
- Reflexionar sobre os distintos usos e a presenza do galego dentro e fóra do ámbito escolar.
- Presentar e actualizar toda unha serie de referentes socioculturais propios dunha sociedade moderna, especialmente a través das mulleres que piden voz e recoñecemento nos diferentes sectores académicos, sociais e culturais modernos e de actualidade.
- Recuperar e facerlle xustiza ao papel da muller na cultura galega e en galego, silenciado en determinados momentos da historia, como un aspecto normalizador máis dunha sociedade avanzada.
- Potenciar a presenza do galego a través nas novas tecnoloxías, blogs e redes sociais e educativas.
- Compartir os resultados do noso traballo con outros centros educativos co fin de facilitar a súa difusión e ao tempo contribuír a que o obxectivo principal normalizador chegue máis alá da nosa contorna.
- Contribuír co noso traballo á normalización da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade moderna.

#### **4.4. Xestión e temporalización**

- 1.º trimestre: preparación, organización das diferentes actividades e sesións aproveitando o contido interdisciplinario e presentación ao alumnado dos aspectos que imos traballar. Formación do profesorado.
- 2.º trimestre: execución do proxecto.
- 3.º trimestre: fusión e elaboración do traballo final. Difusión na páxina do centro e no blog do Equipo de Dinamización así como nos medios que consideremos de interese.

## **5. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO, RESPONSABLES E DE MAIS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

### **5.1. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto**

O proxecto vai contar nun primeiro momento coa participación de nove docentes e os cursos indicados no desenvolvemento das actividades. Con todo, este traballo vai ser parte dos departamentos con docentes que colaboran sen que aquí figure o seu nome, igual que de familias e membros da sociedade da contorna que contribúen coa súa información a que o noso alumnado poida traballar.

Xunto con estes, tentaremos contar coa implicación e participación dalgunhas das figuras sobre as que traballaremos para a elaboración do material, tanto persoas particulares como asociacións.

Como dixemos máis arriba, algunhas das persoas implicadas neste proxecto participan tamén en varias liñas do Plan de formación permanente do profesorado e tentamos relacionar o traballo de maneira que nos poidamos implicar en cada un dos traballos con máis aproveitamento e conseguir tamén maior difusión entre o noso alumnado e a comunidade educativa.

### **5.2. Recursos materiais que se van mobilizar**

En canto aos recursos materiais que imos utilizar nos diferentes grupos de traballo, nunha fase inicial dependerán de cada un dos departamentos e na maioría dos casos estarán cubertos polo material tecnolóxico co que contamos no centro (gravadoras, ordenadores, cámaras de vídeo, aulas multimedia...).

Por outra banda, tentaremos contar coa presenza dalgunha das personaxes traballadas, de maneira que poida que precisemos contar cun orzamento material para desprazamentos.

Tamén precisaremos algún material de consulta.

Finalmente, e nunha fase máis avanzada, podemos pensar na elaboración de carteis sobre o proxecto, así como na gravación da música e, daquela, precisaremos materiais acordes.

## **6. COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS**

Aínda que directamente non temos solicitada ningunha colaboración institucional, contamos coa colaboración do Concello de Caldas e do seu Servizo de Igualdade, para calquera proposta de ampliación sobre determinados temas que poidan xurdir arredor das mulleres ou asociacións traballadas, así como para contribuír á difusión e publicidade de calquera achega que arredor desta temática se faga no centro educativo.

## **7. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO**

### **7.1. Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa**

Como xa apuntamos ao longo dos apartados presentados, para a difusión do presente proxecto A lingua delas, a nosa lingua, partimos nun primeiro momento da implicación de alumnado e do

profesorado, pois non hai maior medio de difusión entre o alumnado que a propia participación no proceso de produción.

Unha vez acadado o produto final deste proceso, contaremos con material de uso como son as unidades didácticas con imaxes, vídeos, entrevistas e actividades para traballar en formato LIM, e CD de música, material ao que ademais se poderá acceder a través da páxina do centro e do blog de Dinamización Lingüística, de xeito que calquera membro da comunidade educativa, non só da contorna de Caldas, poida ter acceso a este material.

Ademais, contamos co interese da radio local de Caldas para presentar, difundir e darlle visibilidade a un proxecto interdisciplinario no que priman *lingua galega*, como lingua de traballo, difusión e normalidade; *igualdade*, coa presenza da muller en todos os ámbitos a través das diferentes realidades (artística, deportiva, científica... ou ante calquera das funcións ás que se poidan enfrontar no día a día); e *innovación*, como un xeito de implicación, modernidade e difusión dun produto á par dunha lingua viva e válida para calquera contexto, o galego.

## **8. ORZAMENTO**

### **8.1. Xustificación e desagregación**

Nesta primeira fase dun proxecto que se prevé de interese para a súa continuidade, non contemplamos gastos máis alá do que poidan achegar cos seus materiais o centro e os diferentes departamentos. Quizais poderíamos establecer unha pequena contía para desprazamentos de entrevistadas, se os houber, ou para material de copias, carteis, gravacións, etc. que dependería xa do nivel de consecución ao final de curso e do que se queira afrontar arredor deste proxecto no seguinte ano académico.

## **9. PLAN DE AVALIACIÓN**

### **9.1. Criterios e indicadores para a avaliación**

Despois dunha primeira fase de traballo cos diferentes grupos e docentes, estes farán unha valoración segundo a implicación, o interese e os resultados de cada grupo nas diferentes seccións do proxecto.

Unha vez superada esta fase inicial, os diferentes grupos e o claustro do centro poderán avaliar o traballo final e indicar o nivel de repercusión que cren que pode supoñer para o alumnado, tanto no proceso educativo como nos resultados, e no interese que o emprego deste material final pode supoñer para cada departamento, mediante unha enquisa ou formulario que se lle enviará a todo o claustro.

### **9.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa**

Pretendemos con este traballo que o impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega sexa importante e implique, na medida do posible, o maior número de compoñentes da comunidade educativa.



Aínda que partimos da implicación inicial de nove docentes, boa parte do claustro participa desde outros traballos para o Plan de formación permanente do profesorado, ademais de con ideas ou con colaboracións puntuais, e isto permite que o alumnado e mesmo as familias, a través das nenas e dos nenos, participen con información e manteñan o seguimento do produto que estamos elaborando.

É importante xa desde o inicio esta implicación xeral, pero o obxectivo deste traballo é comprobar se finalmente vai ter repercusión sobre o tratamento da lingua, na súa visión na comunidade educativa e, paralelamente, no tratamento dos valores promocionados que van máis alá do respecto pola lingua propia, como o respecto e o recoñecemento do papel da muller dentro da sociedade galega: dous temas que neste caso camiñan xuntos e desde os que podemos contribuír a dar unha visión de normalidade co traballo interdisciplinario e a implicación, como xa dixemos, dos distintos chanzos da nosa comunidade.

O impacto deste proxecto será quizais máis fácil de valorar a longo prazo, unha vez xerado un produto que poida ir alén do propio centro e da nosa comunidade educativa particular, e cando poidamos amplialo e compartilo con outros centros educativos que o poidan empregar con aproveitamento e mesmo ampliar.

## **10. PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCÍONS E TAREFAS DO PROFESORADO IMPLICADO**

Aínda que son moitos máis os que dun xeito ou outro colaboran con este proxecto, os nomes que inicialmente se subiron a darlle o empurrón inicial son os seguintes:

- Fernández Pastoriza, Lidia (LG) - COORD
- González López, Olalla (EF)
- Turnes García, Xosé Avelino (LG)
- Pereira López, Concha (LC)
- Fajundes Lorenzo, Luís (FIL)
- Porto Carballo, María (LAT)
- Rial Aparicio, Ana (LG)
- Lamas Carral, Pedro Manuel (MÚS)
- González Rodríguez, Inés (TEC)

O traballo que vai tentar desenvolver cada un dos docentes aparece no apartado 4.1.

## **11. ALUMNADO IMPLICADO (CURSO, CICLO, NÚMERO)**

- 1.º da ESO (30)
- 2.º da ESO A / B (37)
- 3.º da ESO A / B (42)
- 4.º da ESO A / B (43)
- 1.º BACH A / B / C / D / E (148)

TOTAL: 300 alumnas e alumnos implicados no traballo directo.

Caldas de Reis, 5 de febreiro de 2017

Lidia Fernández Pastoriza (coordinadora)